

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VILAGARCÍA DE AROUSA

Subvencións e axudas

AXUDAS REACTIVACIÓN ECONÓMICA CONCELLO VILAGARCÍA COVID-19

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada coa data 18 de maio de 2020 aprobou as seguintes BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS MUNICIPAIS DE APOIO Á REACTIVACIÓN DA ACTIVIDADE ECONÓMICA CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, así como a súa publicación no BOPPO:

CONVOCATORIA DE AXUDAS MUNICIPAIS DE APOIO Á REACTIVACIÓN DA ACTIVIDADE ECONÓMICA CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

BASE PRIMEIRA. OBXECTO E NATUREZA

1.—A presente convocatoria de axudas teñen o carácter de achegas directas destinadas a persoas traballadoras autónomas, PEMES e, en xeral, aos establecementos e actividades que quedaran suspendidas en virtude do disposto no RD 463/2020 de 14 de marzo polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID_19 e posterior normativa e instrucións de desenvolvemento.

A convocatoria intégrase na campaña SON DA CASA creada para recuperar o pulso da cidade de Vilagarcía de Arousa diante da incerteza xerada pola pandemia do Covid_19.

2.—O procedemento de concesión tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva para todas as persoas físicas e xurídicas que cumpran as condicións especificadas nas bases.

3.—As solicitudes atenderanse por orde de entrada ata esgotar o crédito dispoñible.

4.—As axudas previstas serán compatibles con calquera outra axuda estatal ou autonómica que se perciba pola declaración do estado de alarma, sen prexuízo do establecidos no derradeiro parágrafo da base SEXTA.

BASE SEGUNDA. ÓRGANO COMPETENTE

O órgano competente para resolver será a Xunta de Goberno Local. Esta solicitará cantos informes estime necesarios para avaliar e resolver as solicitudes que se presenten en tempo e forma.



BASE TERCEIRA. BENEFICIARIOS

Serán destinatarias/os da axuda os titulares de establecementos e/ou actividades económicas que cumpran os seguintes requisitos:

A- Persoas físicas e xurídicas titulares de establecementos e actividades que fosen afectados polo peche total en aplicación do RD 463/2020 (anexo), sempre que a previsión do balance de ingresos e gastos da súa actividade durante o período en que permaneza en vigor o estado de alarma, sexa negativa en cantidade igual ou superior á contía obxecto de solicitude.

A.1. A persoa física ou xurídica titular ou razón social deberá figurar como alta no Rexistro de Matrícula do IAE do Concello de Vilagarcía de Arousa e ter o domicilio fiscal neste municipio.

A.2. Deberá estar dado/a de alta no Réxime da Seguridade Social ou Mutua profesional correspondente.

A.3. O local comercial ou establecemento no que, no seu caso, se desenvolva a actividade, terá a súa localización física dentro do termo municipal do Concello de Vilagarcía de Arousa.

A.4. O/s titular/es e/ou razón social deberán figurar ao corrente de pago dos impostos e taxas municipais correspondentes ao exercicio 2019. Para o caso de existiren débedas pendentes de aboamento co Concello de Vilagarcía, a cantidade que correspondese en concepto de axuda destinarase á liquidación das mesmas.

A.5. Deberá atoparse ao corrente de pago na AEAT, Facenda da CCAA e Seguridade Social tanto na data de presentación de solicitude de axuda como na data de cobro da mesma.

A.6. Deberá non atoparse incurso en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 e 13.3 da lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

A.7. De tratarse dunha comunidade de bens, sociedade civil ou outra entidade económica sen personalidade xurídica, non se disolverá ata que transcorrese o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de subvencións, de acordo co establecido no artigo 11 da devandita lei.

B- Persoas físicas e xurídicas titulares de establecementos e/ou actividades cuxa actividade non fose afectada polo peche regulado polo RD 463/2020 (anexo) pero que vise totalmente imposibilitada ou notablemente dificultada a realización da súa actividade produtiva, sempre que a previsión do balance de ingresos e gastos durante o período en que permaneza en vigor o estado de alarma, sexa negativa, en contía igual ou superior a cantidade obxecto de solicitude, debido a:

- Imposibilidade total de realización de tele-traballo.
- Atoparse pechados os establecementos comerciais ou empresas ás que presta servizo.
- Non poder acceder aos centros de traballo debido ás limitacións de mobilidade propias e dos cidadáns.
- Non poder conseguir as materias primas coas que levar a cabo a actividade produtiva.



Luns, 25 de maio de 2020

Núm. 98

- Non ter a posibilidade de acceder á clientela debido ás limitacións de mobilidade desta.
- Calquera outro motivo de natureza tal que non teña permitido levar a cabo a actividade.
- Peche parcial da actividade (entendendo como tal o de aqueles negocios que levan a cabo actividades correspondentes a varios epígrafes do IAE e que algún deles foi pechado por aplicación do R.D. 463/2020).

B.1. A persoa física ou xurídica deberá figurar como alta no Rexistro de Matrícula do IAE do Concello de Vilagarcía de Arousa e ter o domicilio fiscal en dito municipio.

B.2. Deberá estar dada/o de alta no Réxime da Seguridade Social ou Mutua profesional correspondente.

B.3. O local ou establecemento no que, no seu caso, se desenvolva a actividade, terá a súa localización física dentro do termo municipal do Concello de Vilagarcía de Arousa.

B.4. O/s titular/es e/ou razón social deberán figurar ao corrente de pago dos impostos e taxas municipais correspondentes ao exercicio 2019. Para o caso de existiren débedas pendentes de aboamento co Concello de Vilagarcía, a cantidade que correspondese en concepto de axuda destinarase á liquidación das mesmas.

B.5. Deberá atoparse ao corrente de pago na AEAT, Facenda da CCAA e Seguridade Social tanto na data de presentación de solicitude de axuda como na data de cobro da mesma.

B.6. Deberá non atoparse incurso en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 e 13.3 da lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

B.7. De tratarse dunha comunidade de bens, sociedade civil ou outra entidade económica sen personalidade xurídica, non se disolverá ata que transcorrese o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de subvencións, de acordo co establecido no artigo 11 da devandita lei.

Non poderán ser beneficiarias/os destas axudas as asociacións, fundacións e, en xeral, entidades sen ánimo de lucro e o persoal autónomo colaborador.

No caso de dúbida en relación ao cumprimento dos requisitos para ser beneficiarias/os da presente axuda por parte das/os solicitantes ou sobre a contía a percibir, a mesma será resolta pola Xunta de Goberno Local.

Con carácter prioritario, serán beneficiarias/os das axudas, as/os titulares das actividades incluídas nos códigos de ocupación que se relacionan no anexo I das presentes bases. Porén, para o caso de non se esgotar os fondos coas solicitudes formuladas correspondentes ás actividades preferentes, poderán ser beneficiarias/os das mesmas as/os titulares doutras actividades, sempre que teñan formalizado en prazo a solicitude, gardándose igualmente rigoroso orde de entrada para a resolución das mesmas.

A efectos da presente convocatoria de axudas, só se atenderá á actividade (CNAE) principal.



BASE CUARTA. CRÉDITO ORZAMENTARIO

A contía destinada a atender estas subvencións ascende a un importe total de CATROCENTOS MIL EUROS (400.000 €) do vixente orzamento municipal.

En aplicación do artigo 58.2 do RD 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, establécese unha contía adicional máxima de 40.000 €, cuxa aplicación á concesión destas subvencións non requirirá dunha nova convocatoria.

Este crédito, por depender dun incremento do crédito orzamentario dispoñible nos orzamentos, queda condicionado á declaración da dispoñibilidade do mesmo antes de proceder á concesión das axudas por este importe adicional, nos termos do artigo 58.2 b) do RD 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

BASE QUINTA. RÉXIME DE MÍNIMIS

Por tratarse de subvencións sometidas ao réxime de mínimos establecido no Regulamento (UE) 1407/2013 de 18 decembro, da Comisión, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos (DOUE L 352/1 de 24 de decembro de 2013), non poderán concederse a empresas dos seguintes sectores:

a) Pesca e acuicultura, segundo se contempla no Regulamento (UE) 1379/2013 que establece a organización común de mercados no sector dos produtos da pesa e da acuicultura.

b) Produción primaria de produtos agrícolas que figuran na lista do Anexo I do Tratado.

c) Empresas que operan no sector da transformación e comercialización de produtos agrícolas, nos casos seguintes:

c.1) Cando o importe da axuda se determine en función do prezo ou da cantidade de produtos deste tipo adquiridos a produtores primarios ou comercializados polas empresas interesadas.

c.2) Cando a axuda estea supeditada a que unha parte ou a totalidade da mesma se repercute aos produtores primarios.

d) Actividades relacionadas coa exportación a terceiros países ou estados membros cando a axuda estea vinculada ao establecemento e a explotación dunha rede de distribución ou a outros gastos correntes vinculados á actividade exportadora.

e) Axudas condicionadas á utilización de produtos nacionais en lugar de importados.

BASE SEXTA. CONTÍA DAS AXUDAS

As axudas satisfaceranse nun pagamento único atendendo aos seguintes importes:

- Destinatarios recollidos na BASE TERCEIRA apartado A):
 - Solicitantes titulares dun único establecemento: A axuda económica directa será dunha contía máxima de 500 €.



No caso de que a previsión do balance de ingresos e gastos durante o período que permaneza en vigor o estado de alarma sexa negativa en cantidade inferior a 500 €, o importe da axuda coincidirá con dita cantidade.

- Solicitantes titulares de máis dun establecemento: A axuda económica será dunha contía máxima de 800 €.

No caso de que a previsión do balance de ingresos e gastos do conxunto de establecementos, durante o período que permaneza en vigor o estado de alarma, sexa negativa en cantidade inferior a 800 €, o importe da axuda, coincidirá con dita cantidade.

- Destinatarios recollidos na BASE TERCEIRA apartado B):
 - Solicitantes titulares dun único establecemento e/ou actividade: A axuda económica será dunha contía máxima de 300 €

No caso de que a previsión do balance de ingresos e gastos durante o período que permaneza en vigor o estado de alarma sexa negativa en cantidade inferior a 300 €, o importe da axuda coincidirá con dita cantidade.

- Solicitantes titulares de máis dun establecemento e/ou actividade: A axuda económica será dunha contía máxima de 500 €

No caso de que a previsión do balance de ingresos e gastos do conxunto de establecementos, durante o período que permaneza en vigor o estado de alarma, sexa negativa en cantidade inferior a 500 €, o importe da axuda, coincidirá con dita cantidade.

Todo iso ata esgotarse o crédito destinado á convocatoria.

En ningún caso o importe da subvención unido a outras posibles subvencións, para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, poderá superar a diminución de ingresos da actividade como consecuencia da crise sanitaria derivada do Covid_19.

BASE SÉTIMA. FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

1.—Forma de presentación das solicitudes

a) O modelo normalizado de solicitude das axudas reguladas na presente convocatoria estará dispoñible na sede electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa (sede.vilagarcia.gal).

b) As solicitudes, dirixidas ao departamento de Promoción Económica, presentaranse por vía telemática a través da Sede Electrónica do Concello de Vilagarcía (sede.vilagarcia.gal), de acordo co establecido no Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo polo que se regula o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo Covid_19, e no artigo 14 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

c) A presentación da solicitude de subvención fora do prazo establecido e a non utilización dos formularios normalizados de uso obrigatorio, serán causas de non admisión.

2.—Prazo de presentación das solicitudes



Luns, 25 de maio de 2020

Núm. 98

O prazo de presentación de solicitudes comezará a partir do día 25 de maio de 2020 e estenderase ata o décimo día hábil posterior á finalización do estado de alarma.

BASE OITAVA. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE

O formulario de solicitude, asinado dixitalmente pola persoa titular da actividade ou polo seu representante legal, presentarase telemáticamente, acompañado da seguinte documentación:

- Certificado de alta no IAE
- Certificado de alta no Réxime da SS
- Certificados de atoparse ao corrente de aboamento na AEAT, Facenda da CCAA e Seguridade Social.

BASE NOVENA. RESOLUCIÓN

O Concello de Vilagarcía irá resolvendo as solicitudes de axuda por rigoroso orde de entrada e procederá ao seu aboamento, sen prexuízo da revisión posterior da documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos alegados para ter a condición de beneficiaria/o.

Se a solicitude non está debidamente cumprimentada ou non se aporta a documentación esixida, será requirida para que nun prazo máximo de dez días hábiles emende a falta ou aporte os documentos preceptivos, con indicación de que se non o fixera así, entenderase por desistido da súa petición, de acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, previa resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

BASE DÉCIMA. XUSTIFICACIÓN

1.—Prazo de presentación da documentación xustificativa.

O prazo de presentación da documentación xustificativa rematará o 31 de agosto de 2020.

Rematado o devandito prazo sen ter presentado a documentación xustificativa, o Concello iniciará expediente de reintegro da cantidade percibida en concepto de axuda.

2.—Documentación a presentar para a xustificación

1-Copia da licenza de apertura do local e/ou da comunicación previa de inicio de actividade.

2-Xustificación das perdas económicas sufridas durante a permanencia do estado de alarma, por contía igual ou superior á cantidade solicitada en concepto de axuda. A tal efecto as/os solicitantes deberán aportar:

a) Relación de ingresos e gastos asinado polo beneficiario da axuda, correspondentes ao período no que se mantivo en vigor o estado de alarma.



b) Calquera outra documentación ou medio que sexa admitido en dereito, que poida ser considerado para acreditar os termos a xustificar.

c) Declaración responsable asinada dixitalmente polo solicitante, que conterá pronunciamento expreso sobre os seguintes extremos:

- Que a previsión do balance de ingresos e gastos da súa actividade durante o período de permanencia en vigor do estado de alarma, será negativa en cantidade igual ou superior á contía obxecto de solicitude.
- Que a persoa solicitante reúne os requisitos para ser considerada micro-empresa ou pequena empresa de conformidade co Anexo I do Regulamento (UE) 651/2014 da Comisión do 17 de xuño de 2014.
- Que a persoa solicitante non está incurso en prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago, establecidas na lei 38/2003 do 17 novembro e, en concreto, apartados 2 e 3 do artigo 13 e o apartado 5 do artigo 34 da mesma.
- Que a persoa solicitante comprométese á comunicación das subvencións concedidas coa mesma finalidade e o compromiso de comunicar á maior brevidade as axudas obtidas con posterioridade á presentación da solicitude e antes da resolución da mesma.
- Declaración de que o importe recibido en concepto de axuda, será destinado a paliar os efectos do COVID_19 sobre a actividade obxecto de axuda e ao mantemento da mesma.
- Que a persoa solicitante autoriza a consulta interactiva por parte do organismo xestor dos requisitos de acharse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa AEAT, Facenda, Seguridade Social e Tesourería Municipal. Caso de non autorizar ou opoñerse á comprobación polo órgano xestor, o interesado deberá achegar obrigatoriamente a devandita documentación acreditativa.

BASE UNDÉCIMA. REINTEGRO

As beneficiarias/os deberán de proceder ao reintegro das cantidades percibidas indebidamente ou en contía superior á que lle correspondese percibir, se a documentación xustificativa presentada non acredita o cumprimento dos requisitos e disposicións establecidas na presente convocatoria.

BASE DUODÉCIMA. RENUNCIA

No caso de resultar beneficiaria dunha subvención no marco da presente convocatoria e con posterioridade resultar beneficiaria doutra subvención incompatible coa mesma, poderase renunciar á subvención concedida no marco deste programa, reintegrando o importe percibido e aboando ademais os correspondentes xuros de demora xerados, tal e como se establece na lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e demais normativa aplicable.



Luns, 25 de maio de 2020

Núm. 98

BASE DÉCIMOTERCEIRA. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

- a) Aplicar a axuda a finalidade para a que foi concedida e concibida.
- b) Comunicar os cambios que, en relación ás condicións xerais e requisitos específicos das axudas, puideran dar lugar á modificación, suspensión ou denegación das mesmas.
- c) Comunicar calquera cambio relativo ao domicilio da actividade do titular
- d) Reintegrar o importe das axudas indebidamente percibidas ou en contía indebida.

Vilagarcía de Arousa Maio 2020

O Alcalde-Presidente

Alberto Varela Paz

ANEXO I. ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES

4 Servizos

G COMERCIO POR XUNTO E AO RETALLO; REPARACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E MOTOCICLETAS

- 45 Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas
 - 45.1 Venta de vehículos de motor
 - 45.2 Mantemento e reparación de vehículos de motor
 - 45.3 Comercio de recambios e accesorios de vehículos de motor
 - 45.4 Venda, mantemento e reparación de motocicletas e dos seus recambios e accesorios
- 47 Comercio a retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas
 - 47.1 Comercio a retallo en establecementos non especializados
 - 47.5 Comercio a retallo doutros artigos de uso doméstico en establecementos especializados
 - 47.6 Comercio a retallo de artigos culturais e recreativos en establecementos especializados
 - 47.7 Comercio a retallo doutros artigos en establecementos especializados
 - 47.8 Comercio a retallo en postos de venda e feiras
 - 47.9 Comercio a retallo non realizado nin en establecementos, nin en postos de venda nin en feiras



Luns, 25 de maio de 2020

Núm. 98

I HOSTALARÍA

55 Servizos de aloxamento

55.1 Hoteis e aloxamentos similares

55.2 Aloxamentos turísticos e outros aloxamentos de curta estadía

55.9 Outros aloxamentos

56 Servizos de comidas e bebidas

56.1 Restaurantes e postos de comidas

56.2 Provisión de comidas preparadas para eventos e outros servizos de comidas

56.3 Establecementos de bebidas

J INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS

58 Edición

58.1 Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais

N ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS AUXILIARES

79 Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes

79.1 Actividades de axencias de viaxes e operadores turísticos

S OUTROS SERVIZOS

96 Outros servizos persoais

96.0 Outros servizos persoais

